

**INVESTIGACIÓN** ■ O equipo dirixido en Phoenix pola coruñesa Susana Martínez acha o movemento ocular responsable do 80% da visión

# Unha galega atopa a clave da percepción visual humana

As microsacadas eran consideradas "tics nerviosos" e "un misterio da evolución" pola comunidade científica

Redacción e axencias · Santiago

Un equipo do Instituto Neurolóxico Barrow de Phoenix (Estados Unidos), dirixido pola investigadora coruñesa Susana Martínez, descubriu o movemento ocular responsable do oitenta por cento da experiencia visual.

O logro de Martínez rematou con cincuenta anos de polémica e recuperou a importancia das chamadas "microsacadas", que son rápidos movementos do ollo en liña recta, ata agora considerados simples "tics nerviosos" e un "misterio da evolución".

Martínez explicou que os ollos están "en continuo movemento", aínda cando permanecen fixos sobre un obxecto, porque as neuronas "non responden en ausencia de estímulo" e, por iso, sen esas rápidas oscilacións oculares as imaxes "esvaeceríanse" ante nós.

Nos anos 50, os científicos concluíron que os movementos chamados "tremor" e "deriva" tiñan unha función determinante da visión, pe-

ro non puideron achar o papel das "microsacadas", polo que deduciron que estaban "de adorno", indicou a investigadora coruñesa.

Porén, o laboratorio dirixido por Martínez en Phoenix (Arizona) puido determinar agora, grazas ós avances técnicos, os distintos movementos dos ollos fixos e constou a "vital importancia" do papel desempeñado polas "microsacadas" para evitar que as imaxes desaparezan cando se mira de forma fixa.

## Esperanzas para pacientes con problemas visuais

Ademais de resolver un debate científico, este descubrimento achega novas esperanzas para pacientes con problemas visuais debido precisamente a que os seus ollos non son capaces de realizar estes rápidos movementos.

A científica coruñesa comentou que ata o de agora algunhas destas persoas resolvían a falta de movemento dos seus ollos con pequenas oscilacións da súa cabeza, o que, por exemplo, lles permitía ler.

Agora que se descubriu que as "microsacadas" son responsables do oitenta por cento da experiencia visual dunha persoa, poderanse iniciar novas vías de investigación, como afirma o último número da reputada revista científica de Estados Unidos *Neuron*. ●



Susana Martínez Conde dirixe un laboratorio de neurociencia visual

## DATOS

### Impulsos que van desde a retina ata o cerebro

Susana Martínez Conde naceu na Coruña en 1969 e traballa no Barrow Neurological Institute de Phoenix (Arizona), no cal é a directora do Laboratorio de Neurociencia Visual, tras ser seleccionada nunha convocatoria de prazas para neurocientíficos. O obxectivo das súas investigacións, segundo lle explicou a este xornal, é "resolver o problema da nosa percep-

ción visual: ¿como é posible que os impulsos eléctricos producidos na retina se transmitan ó cerebro para dalgunha maneira facernos sentir que un determinado obxecto é visible?".

No seu propio laboratorio traballa unha doutoranda de Vigo, Xoana González Troncoso, e mantén "grandes vínculos coa comunidade neurocientífica galega".

**HÁBITO** ■ A industria considera que o aumento de prezo vai facer que no futuro os consumidores opten maioritariamente polas máis económicas

# O Goberno encarece o tabaco para frear as marcas baratas

O Consello de Ministros aprobou onte un Real Decreto Lei que eleva a fiscalidade do tabaco e co que pretende loitar contra a proliferación de marcas de cigarros baratos que incitan ó consumo deste produto.

No Consello de Ministros estableceuse unha suba dun punto porcentual do tipo impositivo *ad valorem*, que pasa do 54,95 ó 55,95 por cento. Ademais sóbese dous euros o tipo impositivo específico, que pasa de 4,20 a 6,20 euros por cada mil cigarros.

O Goberno non pode intervir na fixación dos prezos do tabaco, xa

que, segundo as normas europeas, son establecidos libremente polos fabricantes.

Porén, o Executivo si pode modificar a fiscalidade sobre este produto, aínda que o traslado ou non do aumento ós prezos de venda ó público é unha decisión que lles corresponde ós fabricantes.

O director do Club de Fumadores pola Tolerancia, Álvaro Garrido, considerou onte que a aprobación en Consello de Ministros dunha suba dun punto no Imposto sobre os Labores do Tabaco, é unha mostra máis da "persecución" ós fumado-

## A CERNA

### Medio millón de fumadores menos

O presidente do Comité Nacional de Prevención contra o Tabaquismo, Rodrigo Córdoba, calculou que "medio millón de españois deixarán de fumar este ano", o dobre da media anual. Desde a posta en marcha da Lei antitabaco, os médicos comprobaron que aumentaron un 50% as visitas para deixar o hábito.

res que está a levar a cabo o Goberno, e cuestionouse se esta "obsesión" contra os consumidores dun produto legal terá un límite.

Garrido asegurou que está "abraiado" ante o feito de que en menos de tres meses, se aprobasen dúas subas de impostos que afectan ó tabaco e se puxese en marcha unha Lei antitabaco "das máis restritivas de Europa".

O director xeral da Asociación Empresarial do Tabaco (AET), Juan Barreiro, subliñou onte, tras se coñecer o incremento da fiscalidade do tabaco para atallar a proliferación de marcas baratas, que "o produto e o prezo son as únicas ferramentas" con que contan estas empresas na actualidade para manter a súa competitividade. Outras fontes do sector consideraron que se os fabricantes incrementan o prezo das marcas máis caras, o consumidor optará, "aínda máis", pola compra de marcas baratas. ● AXENCIAS

## Foxen catro nenos turcos con posible gripe aviaria

Os responsables do Hospital Universitario de Diyarbakir, no sueste de Turquía, informaron onte que catro nenos que poderían estar contaxiados pola gripe aviaria escaparon do centro coa axuda das súas familias.

Necati Kavak, de 6 anos, e a súa irmá Sena, de 4, ambos os dous provenientes da provincia de Batam, ademais de Ceylan e Cerman Kaya, dúas rapazas de Diyarbakir, foron sacados en secreto polos seus familiares do hospital, explicou o director do centro, Birsal Bac. ● EFE

## Unha cega recupera a vista tras un infarto

Unha muller cega durante vinte e sete anos recuperou case milagrosamente a vista tras sufrir un ataque ó corazón, informou onte a prensa británica. Joyce Urch, de 74 anos, estaba cega desde 1979 por glaucoma, enfermidade que dana o nervio óptico e que entraña a perda gradual do sentido da vista. Tras sufrir un ataque cardíaco, as súas probabilidades de seguir con vida eran mínimas. Porén, recuperouse e espertou un día berrando: "¡Podo ver!". ● EFE

## A ximnasia mental é boa contra as dores

As tarefas mentais destinadas a aumentar a confianza nas posibilidades físicas dun paciente son máis eficaces que a propia actividade física á hora de combater dores crónicas. Así o sinala un estudo do Centro de Rehabilitación da Universidade de Maastricht (Holanda) publicado onte na revista médica *BMC Musculoskeletal Disorders*. O adestramento físico permite que os músculos recuperen forza, pero o de tipo mental fai superar "barreiras psicolóxicas". ● EFE

## O consumo de peixe axuda a ter nenos sociables

As embarazadas que consomen máis peixe durante o período de xestación tenden a ter nenos máis brillantes e sociables, segundo un estudo publicado onte. A cantidade de Omega 3, de alto contido no peixe, pode potenciar a intelixencia, a coordinación motora e a tendencia a actitudes sociais dos pequenos, segundo a análise do especialista do Instituto Nacional de Saúde de Maryland (EEUU) Joseph Hibbeln, publicada onte en *The Economist*. ● EFE